

II flor nova do romanceiro ibérico

Santiago de
Compostela
2021

8 OUTUBRO, VENRES
Igrexa de San Paio de Sabugueira

18.30 h Cantares

Francisco do Romualdo

"Paus de cego"

19.00 h Concerto

Miro Casabella

"Cantor da liberdade"

9 OUTUBRO, SÁBADO

Igrexa de Santo André de Barciela

20.00 h Concerto

Grupo 1500

"Contar cantando"

+ Parola con **Andrés Díaz**

15 OUTUBRO, VENRES

Igrexa de Santo André de Barciela

20.00 h Concerto

Diana Baroni & Rafael Guel

"Tonos e Romances"

+ Parola con **Diana Baroni**

16 OUTUBRO, SÁBADO

Igrexa de Santa María de Vilvestro

19.00 h Concerto

Alba María & Queco Díaz

"é Romance"

+ Parola con **José Luís Forneiro**

info: sirgotorcendo.com reservas: folque.com

ORGANIZA



PROMOVE

PROMOVE



COLABORAN



PARROQUIA DE
S. MARÍA DE
VILVESTRO

PARROQUIA DE
SAN PAIO DE
SABUGUEIRA

Colectivo
Patrimonio
dos Ancares

II flor nova do romanceiro ibérico

**Santiago de
Compostela
2021**

Flor Nova do Romanceiro Ibérico é un ciclo que vira ao redor desta manifestación literaria de carácter oral e transmitida desde finais da Idade Media até os nosos días. O programa, que terá lugar os **días 8, 9, 15 e 16 de outubro**, abrangue concertos, palestras e vídeos de divulgación para todos os públicos. Acontecerá nas parroquias rurais de Compostela, nas igrexas de **Santo André de Barciela, Santa María de Villestro e San Paio da Sabugueira**. O ciclo ofrecerá unha perspectiva renovada e enriquecida sobre diferentes variantes do Romance Ibérico tradicional, histórico, vulgar ou de cego, de tempos pretéritos e actuais.

A segunda edición de Flor Nova do Romanceiro Ibérico será debullada verso a verso pola inigualábel cantora e investigadora arxentina **Diana Baroni**, especializada na recepción do romance no Novo Mundo, e polo **Grupo 1500**, referente no ámbito ibérico de interpretacións informadas de música antiga. A dupla de **Alba María e Queco Díaz** e o concerto solista de **Miro Casabella** abordarán os romanceiros galegos de tradición oral e de nova creación que achegan todo o sabor da honesta interpretación popular. O zanfonista e cantor Francisco do Romualdo cantará “romances novos” lembrando a aquelas persoas invisuais que os transmitiron e vendían en pregos de cordel.

Flor Nova do Romanceiro Ibérico atende a manifestacións desenvolvidas neste xénero literario-musical prestando especial atención ao patrimonio inmaterial local que será abordado de forma específica na programación a través dos diálogos e actividades dixitais centradas nos romanceiros e Santiago de Compostela.

Os concertos e actividades presenciais da programación da II Flor Nova Do Romanceiro Ibérico contan coa colaboración das parroquias de San Andrés de Barciela, Santa María de Villestro e San Paio da Sabugueira e a Asociación do Patrimonio dos Ancares e Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

As reservas de billetes faranse a través da web de aCentral Folque (www.folque.com).

entender o romance

A primeira edición da **Flor Nova do Romancero** tivo lugar na Coruña en 2019, co gallo do Bienio Pidalino (máis info [aquí](#)).

O romance é unha forma da nosa cultura oral estreitamente vencellada a un extenso acervo patrimonial europeo que permanece vivo en lugares periféricos coma Galiza, onde aínda hai quen sabe de cor romances de orixe baixomedieval. Estas manifestacións foron transmitidas e difundidas en boa medida a través do Camiño de Santiago.

O romancero galego, rico en narracións épicas e históricas, pero que tamén conserva temas do que poderíamos chamar a **materia xacobe**, está conformado por unhas 6.000 versións de 170 romances. O grande investigador deste xénero, **Ramón Menéndez Pidal**, publicou a obra “Flor nueva de romances viejos” (1928) de enorme transcendencia na divulgación e organización desta forma da lírica popular.

As fontes do Romancero Ibérico transmitidas xeración tras xeración a través dos cantos das mulleres no ámbito doméstico, ou acompañados de instrumentos polos xograis populares e persoas invidentes, chegarán a Compostela da man da **II edición de Flor Nova do Romancero Ibérico** nas interpretacións dunha selección das máis reputadas cantoras e músicos galegos e internacionais especializados na súa performance contemporánea.

concertos e parolas

Alén dos concertos, o programa inclúe actividades de diversa índole: performáticas, diálogos, narracións... Terán lugar antes dos concertos ou integradas neles, dirixidas a todos os públicos.

Francisco do Romualdo

co programa “Paus de cego”, apela aos diversos xéneros que estes artistas trataban e a ese elemento fundamental de axuda na mobilidade destas persoas. El é o único artista invisible verdadeiro que representa os cantos de cego actualmente.

José Luis Forneiro

profesor da USC, membro da Fundación Ramón Menéndez Pidal e máximo coñecedor do romance panhispánico en Galiza dialogará co público sobre o patrimonio romancístico de Compostela.

Andrés Díaz

músico especializado na interpretación de instrumentos antigos, leva ao público en forma de narración a necesidade de contar historias de xeito versificado e probablemente cantado, como complemento á memoria do contador desde Homero ao Romancero Ibérico.

Diana Baroni

propón unha narración na que recrea o ambiente popular e ecléctico da época colonial en América Latina, no que se instala e desenvolve o Romancero Ibérico en constante diálogo coas tradicións mestizas.



actividades dixitais

Paralelamente ao ciclo de actividades escénicas, o programa contempla unha serie de **vídeos divulgativos que se emitirán ao longo do mes de outubro** na canle de YouTube de Sirgo Torcendo. Consistirán en catro episodios de corte máis teórico e un tutorial para construírmos o noso propio romance.

Os primeiros conformarán a serie Flor Nova, conducida por **Alba María Rodríguez**, quen conversará con voces relevantes coñecedoras das distintas dimensións dos Romanceiros. Ao longo destes catro capítulos participarán **Andrés Díaz, Diana Baroni, José Luís Forneiro e Xabier Moure**, recoñecido estudoso do patrimonio e da historia da comarca dos Ancares.

Ademais, a propia Alba María realizará un **vídeo-obradoiro sobre o romanceiro**, no que achegará as claves para que calquera persoa, especialmente a xente nova, poida construír o seu romance. Esta acción normalizadora procura abrir un fío nas redes no que se difundan os resultados das posibles creacións.



Diana Baroni

“TONOS E ROMANCES”



Frautista, cantante e artista inclasificábel, Diana Baroni paseáse polos festivais máis prestixiosos da escena musical barroca e das novas músicas tradicionais do mundo enteiro. Arxentina de orixe, estuda cunha bolsa na Yehudi Menuhin Academy de Gstaad, Suíza. De volta a Bos Aires, desenvolve a súa carreira como frautista no ámbito dos repertorios contemporáneos e das producións do Centro Experimental do prestixioso Teatro Colón, comenzando entón unha nova traxectoria entre a música contemporánea e a música clásica.

Xunto con Céline Frisch, é membro fundadora de Café Zimmermann, referente da música antiga na que os seus sós de frauta, dedicados á obra instrumental de J.S. Bach, reciben as máis importantes mencións e premios da crítica. Colabora regularmente con formacións como Les Musiciens du Louvre ou The Rare Fruits Council, entre outras. Emprende tamén os seus propios proxectos de música


barroca que grava con Dirk Boerner.

A súa incansable curiosidade móvea a explorar outros horizontes para adentrarse nas músicas tradicionais, iniciando unha liña de investigación musicolóxica e, ao tempo, creando foros con músicos de diferentes partes do mundo entre os que contan Tunde Jegede e convidando a formacións como o Brodsky Quartet, ou l'Alter Quintet, cos que trata de combinar a inventiva da música contemporánea coa riqueza do folclore indíxena sudamerindio.

Na súa participación trata de reconstruír o ambiente popular e ecléctico da época colonial en América Latina, ao que contribúen as máis variadas tradicións mestizas e expresa toda a riqueza das culturas afroamerindias, que recoñecen, na súa música e na súa expresión, a súa orixe e a súa autenticidade.

Grupo 1500

“CONTAR CANTANDO”



Fundado en 2005 e dirixido por Andrés Díaz, o Grupo 1500 centra o seu repertorio na música composta nos séculos centrais e finais da Idade Media, Renacemento e primeiro Barroco, tomando como referente o ano que lle dá nome. A formación ten ofrecido numerosos concertos ao longo de toda Galiza, importantes escenarios de España e países do resto de Europa como Francia, Austria e Portugal, abordando moi diversos repertorios e especializándose na confección de programas temáticos e didácticos. O grupo vén de gravar un Cd para o libro do poeta Eduardo Estévez, *Venecia abandonada*, que será proximanete editado por Edicións Positivas.

Partindo da Idade Media, neste programa, interprétanse pezas narrativas e descritivas que nos contan historias, lendas ou acontecementos de fonda significación histórica. Desde os Minnesänger e as Cantigas, pezas, moitas delas puramente narrativas, aínda que sen a forma métrica do romance, ata os abondosos e variados exemplos de romances con música dos cancioneros do século XVI, estarán presentes no programa seleccionado para II Flor Nova Do Romancero Ibérico.

Miro Casabella

“CANTOR DA LIBERDADE”



Logo do seu debut musical acompañando a cantantes da Nova Cançó Catalá, e os primeiros discos en Cataluña, Miro Casabella integrárase no colectivo Voces Ceibes, chegando mesmo a participar do seu concerto fundacional en Compostela. A finais de 1974, finalizado este emblemático proxecto, dá comezo ao Movemento Popular da Canción Galega. Nos anos seguintes, Miro participou en multitude de concertos e festivais, en Galiza e en toda a Península Ibérica, ademais de colaborar musicando pezas de teatro en galego e discos de historias para rapaces. En 1977 viu a luz o disco *Ti, Galiza*, e un ano máis tarde publicouse *Treboada*. Ambos os dous traballos amosan unha peculiar mestura entre a canción de inter-

vención social e a música tradicional. A finais dos anos 70, entrou en contacto co grupo folk DOA, co que grava *O son da estrela escura* (1979).

O último traballo individual do cantor foi o disco *Orballo* (2004), onde ademais de revisar algúns antigos temas, toca novamente a problemática social do pobo galego dende unha perspectiva contemporánea.

Alba María & Queco Díaz

“É ROMANCE”



Alba María e Queco Díaz. Fotografía: Eutropio Rodríguez.

Alba María gaña con 18 anos o I Certame de Canción de Autor do Concello de Teo, a raíz do cal ve a luz o seu primeiro disco: *Aínda* (aCentral Folque, 2014). Desde os 13 anos mergúllase no mundo da música popular galega, desenvolvendo unha intensa actividade, eminentemente no eido da regueifa, con mestres improvisadores como Pinto de Herbón, Luís O Caruncho ou o decimeiro cubano Alexis Díaz-Pimienta.

Colabora co proxecto Regueifesta na introdución da regueifa no ámbito educativo, un eido no que leva impartido decenas de obradoiros de improvisación oral en centros de toda Galicia. Arredor

da oralidade publica *Regueifa en Bergantiños. Celestrino de Leduzo vs. Calviño de Tallo* (aCentral Folque, 2017), o primeiro monográfico centrado na investigación sobre a improvisación oral de Bergantiños. De 2016 a 2019 formou parte do equipo de produción de aCentral Folque ademais de ser a coordinadora da súa Escola de Música Popular Galega.

Acompañada do guitarrista Queco Díaz, interpretarán para II Flor Nova Do Romancero Ibérico varios temas con base no romancero tradicional galego, así como outros romances compostos por eles e incluso algúns improvisados.



II
flor
nova
do romanceiro
ibérico

Santiago de
Compostela
2021

Produción: Sirgo Torcendo

Dirección: Belén Bermejo

Web: <http://www.sirgotorcendo.com/inicio/gl/>

Reservas en

www.folque.com

Contacto de prensa

650 27 09 21 / prensa@folque.com